

## GALIZA NA UNIÓN EUROPEA. UNHA ECONOMÍA EMERXENTE<sup>1</sup>

CAMILO NOGUEIRA ROMÁN<sup>2</sup>

Enxeñeiro industrial e licenciado en Ciencias Económicas

*Recibido:* 15 de setembro de 2008

*Aceptado:* 25 de setembro de 2008

**Resumo:** A entrada de Galiza na CE respondía á inequívoca realidade europea do país. Mais, se o ingreso era necesario, os seus problemas non foron considerados polos Gobernos españois, que actuaron desde a perspectiva dun Estado mediterráneo. Malia que o Estatuto de autonomía recoñecía a Galiza como nacionalidade, as institucións autonómicas elixidas non respondían a un proxecto nacional, nin tomaron posicións firmes sobre as condicións do ingreso. A sociedade galega sufriu as consecuencias, especialmente as demográficas, da ausencia de Estado, mais a súa resposta durante os anos de presenza na Unión foi extraordinaria. Forzada a unha transformación abrupta, protagonizou unha mudanza excepcional. Dispón agora dunha potente estrutura produtiva. De agraria e rural deveu en industrial e urbana, sen prexuízo do destacado papel da agricultura e da pesca. A economía do país está capacitada para facerse presente no mundo e Galiza está mellor preparada para unha vida aberta e independente.

**Palabras clave:** Ausencia / Estado / Protagonismo / Sociedade/ Agraria, Rural /Industrial, Urbana.

### GALICIAN IN THE EUROPEAN UNION. AN EMERGENT ECONOMY

**Abstract:** The entrance in the European Community responded to the unequivocal European reality of Galiza. But, if the entry was necessary, the Galizan concerns were not considered by the Spanish Government, conceiving itself as a Mediterranean State. Despite the Statute of Autonomy recognizing Galiza as a nationality, the autonomous elected institutions did not have a national project, nor held firm positions on the conditions of the entry. The Galizan society suffered the consequences, particularly demographical, of the absence of a single State, but its response during the years of presence in the Union was extraordinary. Forced into making a tough transformation, the Galizan society was the protagonist of an exceptional change. Today it has a powerful productive structure. Its character changed from agricultural and rural to industrial and urban, without detriment to the highlighted function of agriculture and fishing. The economy of the country is capable to face the world and Galiza is better prepared for an open and independent life.

**Keywords:** Absent / State / Protagonist / Society.

## 1. A EXPERIENCIA DA INTEGRACIÓN ECONÓMICA

A entrada de Galiza na CE respondía á realidade europea do país, ás circunstancias políticas da época e ás necesidades da súa economía. Porén, pouco antes da entrada do Estado español, a Comunidade tomara decisións sobre políticas sectoriais que, mal negociadas polo Estado español no Tratado de Adhesión, causarían graves prexuízos á súa economía. Así ocorreu en particular no ano 1983 coa Política Común de Pesca (PCP) e no ano 1984 co establecemento das cotas lácteas.

<sup>1</sup> O texto do artigo responde ás análises realizadas polo autor no ensaio *Galiza na Unión. A porta atlántica*, publicado pola editorial Galaxia ao mesmo tempo que o titulado *Europa: O continente pensado*.

<sup>2</sup> Foi deputado no Parlamento de Galiza e no Parlamento Europeo.

Pasados máis de vinte anos desde a entrada na CE, non resulta difícil comprender que as dificultades soportadas a cousa das condicións da entrada non foron debidas tanto a determinacións tomadas pola institución europea –que si existiron– como á negociación realizada e ás decisións posteriores tomadas polo Estado español.

No ano 1986 a sociedade galega padecía aínda as consecuencias dunha discriminación secular que se manifestara de modo especial no momento da revolución industrial. A marxinação do século XIX e da maior parte do XX condicionara a estrutura económica, a emigración e a demografía: no principio do século XVIII Galiza tiña o duplo de poboación de Cataluña, no comezo do XX tiña unha poboación semellante e no momento da entrada na CE a galega reducírase á metade da catalá. Malia todo, comezaban a afirmarse actividades autóctonas que acabarían pasando ao primeiro plano. En diferentes actividades industriais a economía galega dispuña de empresas especialmente relevantes.

Neste contexto, nos primeiros vinte anos de presenza na UE Galiza viviu unha situación contraditoria. Malia sufrir as consecuencias –especialmente as demográficas– da ausencia de Estado, a resposta da sociedade galega foi extraordinaria. Mesmo nos sectores e actividades afectados negativamente polas condicións da adhesión, a acción dos axentes económicos e sociais foi paradigmática. Forzada a unha transformación inmediata e brutal, a sociedade protagonizou unha mudanza excepcional, chegando vinte anos despois a dispor dunha potente estrutura produtiva. De agraria e rural a sociedade galega deveu en industrial e urbana, sen prexuízo do destacado papel que lle corresponde á agricultura e á pesca como sectores económicos e como definidores da condición social e territorial do país. A economía galega está agora capacitada para facerse presente en Europa e no mundo, e Galiza está mellor preparada para unha vida política e social aberta e independente.

### 1.1. AS POLÍTICAS CRÍTICAS

Nas redes de transporte os Gobernos do Estado favoreceron o desenvolvemento das infraestruturas do eixo Andalucía-Madrid-Cataluña-Valencia, padecendo Galiza un illamento determinante. Fixérono mesmo en contra dos principais plans comunitarios que desde o principio dos anos noventa incluían a comunicación intermodal Lisboa-A Coruña, especialmente por camiño de ferro de alta velocidade, como parte da comunicación da Península co centro de Europa. O mapa do Plano Xeral de Estradas 1984-1991, que instrumentaba miles de quilómetros de autovías en todo o territorio, deixaba Galiza coma o único país non atendido, tratándoo coma un máis dos macizos montañosos ou territorios peninsulares inaccesíbeis. Os portos e os aeroportos padeceron, igualmente, a perversa concepción do Estado respecto de Galiza.

No mesmo sentido, a aplicación da política de cohesión da UE constituíu para Galiza unha oportunidade extraviada. Dado o seu carácter de territorio do *obxec-*

*tivo nº 1* –cunha renda por habitante que se situaba no 57,2% da media da UE no ano 1986– e de país pesqueiro, tiña dereito prioritario na aplicación dos Fondos Es-  
tructurais (FF.EE.), ademais do Fondo de Cohesión. Porén, os resultados da política  
de cohesión ficaron moi lonxe do posíbel. Desde o principio, do total dos FF.EE.  
correspondentes a Galiza só unha parte –menos do 50%– chegou directamente ao  
país, sendo o resto administrado arbitrariamente polo Goberno estatal. Cando no  
ano 2002 se decidía a aplicación dos recursos financeiros para o período 2007-  
2013, aínda seguía cunha renda *per cápita* do 66,5% da renda media da Unión Eu-  
ropea de 15 Estados e do 73% da Unión de 25 Estados que se anunciaba. Resultou  
significativo que no período 2000-2006 os investimentos programados para a rede  
de transporte foran concentrados no ferrocarril de alta velocidade Sur-Centro-  
Mediterráneo e na nova terminal do aeroporto de Barajas. Galiza non recibira máis  
que 794 millóns de euros do Fondo de Cohesión, entanto que Andalucía apanara  
2.194, Cataluña 1.934, Madrid 1.650 e a Comunidade Valenciana 1.290.

Particularmente discriminatorio foi o tratamento dado á agricultura. Padeceu a  
carencia dunha política de Estado que afectou de modo especial á produción de lei-  
te. Sen reparar en que a gandería láctea se encontraba en pleno proceso de transi-  
ción, foille imposto o sistema de cotas establecido pola CE no ano 1984 para dimi-  
nuír os excedentes financiados polo orzamento comunitario en países que atinxiran  
xa un altísimo nivel de modernización. Desprezouse mesmo o feito de que para o  
campo galego chegar a ese nivel chegaba co incremento da produción preciso para  
atender o mercado peninsular.

Aínda así, permanecendo nun nivel radicalmente insuficiente, a reducidísima  
cota inicial viuse incrementada a causa do atraso na aplicación efectiva das restri-  
cións, mediante compras de dereitos de cota realizadas polos labregos no resto do  
Estado e, finalmente, como consecuencia dos incrementos atribuídos ao Estado es-  
pañol ou a todos os Estados. Todo isto fixo que a produción, que na campaña 1993-  
1994 fora de 1.512.773 toneladas anuais, chegase até as 2.234.935 toneladas, unha  
cifra que representa o 36% das 6.117.000 producidas no Estado nun momento en  
que a produción estatal anda lonxe dun consumo interno que alcanza as 9.000.000  
toneladas. En consecuencia, a agricultura galega sufrira unha tan extraordinaria  
como dolorosa transformación: se na campaña 1993-1994 as explotacións con de-  
reito a cota eran 70.110, na campaña 2006-2007 baixaran até as 16.018. Demos-  
trando unha capacidade de desenvolvemento que lle fora negada, con apenas a  
cuarta parte das explotacións o campesiñado foi quen de conseguir un 40% máis de  
produción.

A discriminación da agricultura galega –que non contou tampouco co apoio ne-  
cesario noutras actividades destacadas, en especial o ordenamento do monte e a  
produción de madeira– tivo outra grave manifestación na aplicación do FEOGA-  
Garantía, instrumento comunitario de subvención da produción agraria. Virándolles  
as costas ás explotacións familiares dedicadas á produción de leite, foi utilizado pa-  
ra financiar a produción de explotacións (liño, algodón, tabaco, cereais, plantas

oleaxinosas, etc.) que en gran medida vivían da subvención e non infrecuentemente tiñan por obxectivo principal a captación dos ingresos, sen preocupárense de indagar se existía ou non o mercado necesario. As cifras chegadas desde a UE ao Estado español supuxeron máis de 1,11 billóns de pesetas por ano (6.803,53 millóns de euros no ano 2004 e 6.539,13 no ano 2005), primando a agricultura de Andalucía co 30% do total, a de Castela e León co 14% e a de Castela-A Mancha con outro 14%, entanto que Galiza apenas recibiu o 1%. De contar no FEOGA-Garantía cun tratamento semellante ao de Andalucía, a cantidade recibida por Galiza no período 2000-2006 atinxiría os 6.723 millóns de euros, sendo superior á cantidade chegada a Galiza a través dos FF.EE. -5.997 millóns de euros-, sumando en conxunto 12.720 millóns de euros, unha cifra esta de alcance decisivo para o seu desenvolvemento.

Os Gobernos españois tampouco asumiron o valor da frota pesqueira galega. Antes do ingreso de Galiza, os Estados fundadores, e despois tamén o Reino Unido, Irlanda, Dinamarca e Grecia, estableceran a base legal da PCP, alargaran a 200 millas as augas de soberanía económica, convertidas en *zona económica exclusiva* (ZEE), e aprobaran o principio de estabilidade relativa. Con este principio preservábanse fronte aos demais Estados as necesidades particulares dos países que dependían especialmente da pesca e das industrias afíns.

Mais este criterio foi desatendido no Acordo de Adhesión do Estado español. O Goberno estatal non considerou os intereses de Galiza, a pesar de ser un territorio dependente da pesca e sabendo que contaba cunha tradición de pesca nas augas devidas en comunitarias que, recollida no convenio de Londres do ano 1964, era superior á da maioría dos países da Comunidade. Tampouco se defendeu como unha prioridade a defensa dos intereses da frota galega que traballaba nas zonas económicas exclusivas de 200 millas de países terceiros. As frotas peninsulares foron obxecto dun período de transición de dezaseis anos. Por riba, a frota galega en augas comunitarias, formada por 460 barcos, vírase obrigada a reconverterse, séndolle admitidas apenas 300 embarcacións e tendo as demais que dedicarse a outras modalidades, a outros caladoiros ou a abandeirarse noutros países da CE.

Malia todo, os armadores e os mariñeiros galegos foron quen de remontar a marxinación. A partir dun forte dinamismo e dunha gran capacidade de adaptación, mostraron a capacidade de reacción necesaria para renovaren a frota, sen que iso afectase á sustentabilidade dos stocks das especies significativas.

Como resultado, a evolución das capturas da frota galega foi complexa. Resulta posíbel unha lectura global do sucedido a través da comparación das capturas dos anos 1985 e 2005 correspondentes ao conxunto da frota do Estado español nos diversos mares e do coñecemento do papel da frota galega en cada unha das zonas de pesca. Se as capturas anuais do conxunto da frota estatal diminuíron, pasando desde as 1.211.012 toneladas até as 803.184 toneladas, polo que respecta ás augas onde traballou a frota galega incrementouse o volume nos mares da Unión Europea, en Noruega e no Atlántico Nordeste, así como na Arxentina, nas Malvinas e no Ín-

dico. Caeron, en cambio, no Atlántico peninsular (Galiza, Cantábrico e golfo de Cádiz) e nas augas atlánticas reguladas polas organizacións rexionais ICCAT e NAFO. Salientaron os resultados negativos –que explican basicamente a diminución global das capturas– causados pola suspensión do Acordo con Marrocos e pola baixada en Namibia e mares próximos, reflectindo neste último caso tanto o cerramento da pesca como a constitución de empresas mixtas que, malia seren de capital galego, tiñan o carácter de estranxeiras. Con todo, é preciso considerar as producións correspondentes á acuicultura, especialmente a do mexillón, nas que Galiza ocupa tamén unha posición sobranceira.

Despois da experiencia da presenza na UE, aínda no ano 2003 a frota galega dispoñía de 8.600 barcos, con 230.000 TRB, empregando directamente á volta de 30.000 mariñeiros e indirectamente a 150.000, e tendo a maior capacidade extractiva de Europa despois de Italia. Galiza transforma o 51,2% dos produtos pesqueiros elaborados no Estado, perto de cinco veces máis ca o País Vasco, situado en segundo lugar, e sobre doce veces máis que Valencia, que se sitúa no terceiro lugar.

Con Galiza ocupando o sitio principal, o Estado español sitúase, despois do Xapón e dos EE.UU., na terceira posición no comercio pesqueiro internacional.

Con respecto ás decisións que tiveron que ver coas negociacións entre o Goberno do Estado español e a Comisión Europea, o caso de Astano foi paradigmático. Se a entrada na CE coincidiu cunha crise da construción naval europea, sendo obrigado o Estado español a limitar as subvencións a fondo perdido aos estaleiros públicos, o acordo de reducir a produción mediante, precisamente, a prohibición de construír navíos no asteleiro de Fene foi imposta arbitrariamente polo Goberno español. Pode afirmarse que as pexas que impediron o desenvolvemento de Astano non foron debidas a razóns referentes ao mercado estatal, europeo ou mundial de navíos, senón a unha nefasta xestión das burocratizadas e inanes direccións das empresas, incapaces de adaptárense ás transformacións que se producían tanto no transporte e nas actividades de lecer marítimas como na tecnoloxía da construción e do equipamento dos navíos.

Non resultaría difícil realizar unha proxección das graves perdas económicas e demográficas causadas por decisións políticas como a tardanza da chegada das autovías e do tren de alta velocidade –decenas de anos con respecto a Andalucía ou a Madrid–, a arbitraria aplicación dos FF.EE. e do Fondo de Cohesión, as limitacións impostas na produción láctea –que o campo galego puido doadamente incrementar até as 4.000.000 de toneladas anuais–, a discriminación relativa na distribución do FEOGA-Garantía, as discriminacións sufridas polo sector pesqueiro e a prohibición da construción de navíos en Astano.

## 1.2. A EXPANSIÓN DA INDUSTRIA

Malia todo o sucedido, a reacción da sociedade foi exemplar. A pesar de todo, a agricultura e a pesca están en condicións de manterse no primeiro plano, os servi-

zos tiveron unha mudanza fóra do común e a industria creceu no seu conxunto e tornouse máis diversa, consolidándose como a cerna dos sectores produtivos. En ausencia dunha estratexia de desenvolvemento aplicada polas Administracións Públicas, os resultados habidos responden basicamente ao esforzo dos axentes económicos e sociais.

Se no ano 1986 a agricultura mantiña tres veces máis ocupados que a industria, no ano 2006 o sector industrial tiña xa o duplo dos activos do sector agrario. O emprego estritamente industrial superaba proporcionalmente a media estatal.

Sendo isto así, pode afirmarse que o cadro da Unión Europea resultou globalmente favorábel para a economía galega. Despois de vinte anos, é máis aberta e máis capaz de estar presente no exterior, contribuíndo co 8,4% ao conxunto das exportacións do Estado. Para un PIB galego a prezo de mercado situado no ano 2006 en 47.585,5 millóns de euros, a exportación ao estranxeiro chegou aos 14.324 millóns de euros, un 18,7% máis que no ano 2005. Na porcentaxe de exportacións ao estranxeiro en relación co seu PIB, Galiza non ten por riba máis que a Navarra, avantaxando a Cataluña e ao País Vasco. Próxima aos últimos lugares, a Comunidade Autónoma de Madrid mostra a súa anormal dependencia da capitalidade e da absorción da enerxía económica do resto do Estado. Galiza é, ademais, a primeira importadora e exportadora –neste último caso tense en conta a procedencia real da exportación de enerxía eléctrica, que non é neste caso a do domicilio social das empresas– en relación con Portugal, superando a Cataluña e a Madrid. A disposición exportadora da industria galega non está limitada a determinadas grandes empresas, crecendo tamén a debida a empresas pequenas e medianas que mesmo participan nos programas de promoción en niveis cuantitativos semellantes ao das comunidades autónomas de maior poboación. Empresas galegas abriron camiños produtivos e comerciais tanto en Europa coma en América, en África ou en Asia.

Mais esta visión global non debe ocultar o diferente comportamento das empresas. Medraron e diversificáronse empresas e grupos e sectores empresariais autóctonos, e souberon situarse no contexto europeo e internacional. Abranguendo actividades moi diversas, a súa expansión foi debida basicamente ao seu propio esforzo e iniciativa. Tamén tiveron un desenvolvemento relevante determinadas empresas multinacionais da industria do automóbil ou da farmacéutica. Pola contra, as empresas públicas do Estado ou as dependentes de grupos privados estatais non fixeron máis que se aproveitaren das vantaxes estratéxicas ou dos recursos naturais do país, comportándose como industrias de enclave, ficando estancadas e sendo mesmo nalgún caso, como ocorreu con Enfersa nas Pontes, desmanteladas ou deslocalizadas.

A marxinación na estratexia política industrial dos sucesivos Gobernos do Estado e mais o desentendemento autista do Goberno galego comprobáronse no momento da privatización das grandes empresas públicas como Repsol, Endesa, Inespal ou Ence, que contaban con factorías emprazadas en Galiza. A política do Esta-

do subordinouse aos grandes intereses empresariais e financeiros, ficando Galiza allea á nova e decisiva redistribución de funcións económicas que se producía. Por outra parte, se antes da privatización as empresas do Estado en Galiza non cumpriran a función esperábel como tales empresas públicas, a súa política non variou despois. Asentadas en Galiza coma nun territorio alleo, careceron de estratexias de desenvolvemento dos seus ciclos produtivos. Ningunha deu pé a novas relacións interindustriais nin utilizou os seus recursos para emprender noutros sectores económicos galegos. Todas elas, mais especialmente Endesa e Ence, causaron serios problemas ambientais. Ence atrancou o desenvolvemento de Pontevedra, de Marín e de toda a ría. Os beneficios de Endesa nas Pontes de García Rodríguez resultaron básicos para a súa expansión internacional e chegaron a ser utilizados polo Estado para cubrir unha parte fundamental da compensación de 200.000 millóns de pesetas a Volkswagen para que a firma alemá se fixese cargo de Seat. Fóra dos empregos directos que fornece e os problemas portuarios e ambientais que xera, Repsol é para a economía galega unha perfecta descoñecida. Inespal deveu en Alcoa, sen que mudase a política da empresa pública. Igual ocorreu coas compañías privadas estatais como Iberdrola e en particular Unión Fenosa, que cando o país entrou na Comunidade acababa de abandonar a sede galega da Coruña na que fora creada.

Porén, co fundamento das compañías de capital autóctono e, así mesmo, de certas empresas de capital estranxeiro, a industria galega alcanzou unha riqueza produtiva e unha diversificación singulares. Salienta pola súa capacidade exportadora e mesmo pola súa destreza no establecemento de sociedades filiais e de plantas produtivas e comerciais na Península, en Europa e noutros continentes.

En función de todo isto, a industria galega non parece que teña igual no Estado español, se se exceptúan Cataluña e o País Vasco.

Múltiples actividades, empresas e sectores económicos de Galiza encabezan os correspondentes do Estado español. Así ocorre en confección, automóbil, construción naval, produción de enerxía eléctrica, aluminio, pesca e industria pesqueira, produción láctea, madeira ou rochas ornamentais. Destaca tamén o desenvolvemento de empresas pertencentes a sectores tecnoloxicamente emerxentes, singularmente na industria químico-farmacéutica ou na telecomunicación e na electrónica.

Inditex constitúe un caso único. A análise do seu desenvolvemento e expansión pon en dúbida tópicos tan arraigados como o da necesaria centralización dos emprazamentos empresariais na capital do Estado ou nas máis grandes cidades, ou o da imposibilidade de emprender aventuras económicas sobranceiras desde un país como Galiza. Dirixido todo desde Arteixo, conta xa con 80.000 empregados en todo o mundo (87% en Europa) e con 3.700 tendas das diferentes marcas do grupo, con predominancia da marca Zara. Inditex é xa a primeira empresa mundial na confección. Encabeza en Galiza empresas dunha gran relevancia do mesmo sector como Adolfo Domínguez, a Sociedade Téxtil Lonia, Caramelo, Roberto Verinno ou Florentino.

Citröen resultou outro dos exemplos excepcionalmente positivos. Con preto de 10.000 empregados e atinxindo unha produción anual de medio millón de vehículos, a galega é con diferenza, xunto coas francesas, a factoría de maior produción de vehículos do Grupo PSA (Peugeot e Citröen) no mundo, sendo tamén a de maior produción de automóbiles entre todas as marcas que fabrican no Estado español e unha das tres primeiras entre as de Europa. A presenza de Citröen acabou por atraer unha moi importante industria auxiliar, que non se limita a atender a empresa viguesa senón que exporta componentes para outros fabricantes de Europa ou de América. Esta industria, que conta cunhas 15.600 persoas, dispón no seu conxunto de máis emprego que a principal. Dentro do clima industrial propiciado polo automóbil, aparecen exemplos de especialización na fabricación de compoñentes para a industria aeronáutica.

Na construción naval os estaleiros Barreras, Vulcano, Rodman-Polyships, Freire e M. Cíes na ría de Vigo e a Factoría Naval en Marín están especializados en navíos de alto contido tecnolóxico. Manteñen un moi alto nivel de actividade, absorben un terzo da produción civil estatal e contan con proxección exportadora. Navantia en Ferrolterra agrega as actividades da construción naval militar. Dispoñendo en ambos os dous casos dunha gran capacidade exportadora, a construción naval galega produce perto do 50% do total do Estado español.

Con empresas como Iberdrola, Desa, Endesa (Ecyr), Engasa, Eurovento, Gamesa, Acciona, ACS, Unión Fenosa, Enerfin, Norvento, Hidroeléctrica Galaico Portuguesa, Sotavento Galiza, Frinsa ou Somersa, na últimas décadas asistíuse a unha importante expansión da produción de enerxía eléctrica de procedencia eólica. Existen previsións para unha potencia instalada de 6.500 megavatios para o ano 2010. O valor desta cifra queda evidenciado se se considera que é unha potencia eléctrica máis de catro veces superior aos 1.500 megavatios da central de carbón de Endesa nas Pontes de García Rodríguez ou semellante á de orixe eólica da India, que ocupaba á altura do ano 2007 o cuarto posto no mundo despois de Alemaña, do Estado español e dos EE.UU. Coa instalación de muíños de vento establecéronse ou diversificáronse moitas empresas –Gamesa Eólica, Ecotécnia-Galiza (comprada pola multinacional francesa Alstom), Vestas, Coasa, Emesa, Navantia, Tegasa, Energea, entre outras–, dedicadas á fabricación e á ensamblaxe de compoñentes que tamén son exportados a Italia, a EE.UU. ou a China.

Natural Energy Products, T Solar, Solar PST e OCV son algunhas das empresas do sector da enerxía solar. Bioetanol Galiza, Infinita Renovables, Entaban, Ariasa Bioenerxía, Biocarburente de Galiza, Acciona Biocombustibles na Coruña e o proxecto de Diesel Energy forman parte das empresas de enerxías renovábeis.

En conxunto, Galiza xera o 25% da enerxía renovábel –hidráulica, eólica, solar, biomasa– do Estado español.

No sector do aluminio, a produción de Alcoa sitúase entre as máis altas de Europa. No mesmo sector, o Grupo Cortizo e Exlabesa tamén teñen presenza no Esta-

do español, en Portugal e noutros países. SGL Carbón fabrica eléctrodos de grafito na Coruña.

Eurolatón, con sede central en Caldas de Reis, dispón de catro factorías na China e de dous centros de distribución en Alemaña e en México.

Megasa –que mantén outras plantas en Portugal e en Francia–, Siderúrgica Añón, Forjas de Galiza, Ferroatlántica, Emesa Trefilería, Gándara-Censa, Cable-rías Conductoras, Koala Fabricante, Dinak, Metaldeza, Aurela, Teaxul ou Ascensores Enor constitúen unha boa representación dos sectores siderúrxico, metalúrxico e de bens de equipo.

Pescanova é unha das empresas líderes no sector pesqueiro no mundo. Transforma e comercializa os seus produtos basicamente desde Galiza e ten filiais e plantas de produción en Portugal, Irlanda, Francia, Namibia, Sudáfrica, Uruguai, Chile, Arxentina, Australia, EE.UU., México, Guatemala, Honduras e Nicaragua. A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) constitúe un exemplo singular na xestión das actividades pesqueiras. A industria da conserva de peixe e de produtos da pesca –con Calvo Sanz, Jealsa Rianxeira, Frinsa, Congalsa, Alfageme, Conservas Peña, Garavilla e outras empresas– é líder no Estado español e na UE, e conta cunha gran presenza produtiva noutros continentes. Na acuicultura, salientan empresas como Stolt Sea Farm, Pescanova, Isidro de la Cal, Insuamar, Piscícola de Morrazo ou Loitamar.

A produción láctea fornece maiormente ás industrias do resto do Estado, sen que o empresariado galego fora quen de sustentar un grupo lácteo propio. Como resultado, á altura do ano 2007 apenas sobrevivían como empresas galegas a cooperativa Feiraco, o Grupo Leite Río e Lácteos Lence, que integrou a Leyma. Ademais, operan ou aprovisiónanse practicamente todas as empresas lácteas estatais e mais a principal empresa portuguesa deste sector. No campo da industria agraria, o Grupo Coren dispón de mercados, ademais de en Portugal e en Arxentina, en Gran Bretaña, México e Chile. Na industria cárnica salientan tamén Frigoríficos Conchado, Montellos ou Doux (Avícola de Galiza, Avícola Piensos). Na industria do viño, agromou unha admirábel revolución produtiva nas Rías Baixas, no Condado, no Ribeiro, en Valdeorras, na Ribeira Sacra e en Monterrei, gozando dun gran prestixio na Península e no exterior. Hijos de Rivera ten a marca Estrella de Galiza en cervexa e posúe as filiais Giste, especializada en cervexarías, Sidrería Galega, Cabreiroá e Nutrinveste –esta en Portugal co zume Compal–.

Finsa lidera a transformación da madeira para tableiros no Estado español e está entre as primeiras de Europa. Co centro na factoría de Santiago, constitúe un grupo multinacional con filiais en Galiza (Arborum, Orember, Umafinsa, Foresa, Aglomerados Ecar, Tablicia), no Estado español (Andalucía, Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha, Cataluña, País Vasco, A Rioxa, Madrid, Navarra, Valencia) e en Portugal, Irlanda ou Francia. Finsa desenvolve agora unha liña dunha grande envergadura de fabricación de móbeis. Mellorando a calidade dos seus pro-

dutos, na fabricación de móbeis están, entre outras empresas, Martínez Otero, Hermida ou Lareira. No mesmo sector, e contando con proxección internacional, están o Grupo Losán e Maderas Iglesias.

O Grupo Tojeiro está na madeira e noutras actividades relacionadas (Unemsa, Intasa, Forestal del Atlántico), no transporte (Totransa-Tojeiro Transportes) e na distribución comercial (Gadis, Haley, Cash Ifa, Manduca), e participa na regasificadora Reganosa (xunto con Unión Fenosa, Sonatrach, Caixanova e Caixa Galiza). Reganosa é obxecto de controversia ao provocar rexeitamento social polo seu emprazamento en Mugardos, dentro da ría de Ferrol, cando debeu instalarse na contorna do novo porto exterior de Ferrol, posibilidade que ten que quedar aberta.

O sector galego de rochas ornamentais supón o 65% do estatal e está situado por si mesmo no quinto lugar do mundo. Inclúe o establecemento de empresas mixtas noutros Estados. Nel destacan compañías como Graninter ou Granitos Ibéricos. Na lousa salienta Cupire Padesa. En sectores próximos están Prefabricados Castelo –que ten outras plantas no Estado español, en Portugal e en Brasil–, Epifanio Campo, Cerámicas do Castro ou a Fábrica de Sargadelos. A cementeira Corporación Noroeste (Cementos Cosmos, Cementos Noroeste, Cegrán, Sermanconsa, Prebetong Galiza, Calfensa, Cuarzos Industriales), integrada na portuguesa Cimpor, ten plantas en Galiza, no Bierzo (Torral de los Vados), en Andalucía e en Extremadura, ademais de en Portugal.

Merecen unha cita especial as empresas dos sectores químico-farmacéutico, audiovisual ou das telecomunicacións e a electrónica. Na industria química e farmacéutica, Zeltia conta con filiais como Pharmamar, Neuropharma, Genómica, Zelnova, Xylazel ou Promax. Cooper Zeltia está relacionada con este grupo. BioQuorum pertence ao campo da biomedicina e da biotecnoloxía farmacéutica. Entre as multinacionais de capital extraestatal salienta o Grupo Zéneca, coas filiais galegas Zéneca Farma, Zéneca Agro e Bioetanol Zéneca. Lonza Biologics Porriño S.L pertence ao grupo suízo Lonza Group. Galiza ocupa o quinto posto entre as comunidades autónomas no campo da biotecnoloxía. ABN Pipe e Propileno de Galiza forman parte da industria dos plásticos.

A industria audiovisual conseguiu un desenvolvemento relevante. Despois da creación da TVG no ano 1985, emerxeron empresas que, agrupadas desde o ano 1994 na Asociación Galega de Produtores Independentes, comprenden os diferentes contidos do sector. Salienta a expansión en Galiza de compañías como Continental Producións, Dygra Films, Filmax –co estudo Bren Entertainment– ou Aldeas Films, que encabezan o sector da animación no Estado español e que teñen proxección internacional.

Televés ergueuse como líder estatal no sector dos produtos para a recepción e distribución da televisión e da radio. A central e a fábrica de Compostela gobernan un grupo de doce empresas e factorías, unha delas en Portugal. Arantia produce equipos de telecomunicación para a converxencia entre internet e a televisión dixi-

tal. Indra desenvolve proxectos e servizos informáticos. A industria das telecomunicacións viuse enriquecida coa creación da compañía R que, contando con rede propia por cable de fibra óptica, fornece servizos de televisión, de telefonía fixa e de internet, sendo a primeira compañía do Estado que ofrece os catro servizos de telecomunicación. Comunitel, nada en Galiza, pertence agora a Vodafone. A cooperativa Montelnor traballa para Telefónica e para compañías doutros Estados europeos. Egatel, con sede no Parque Tecnolóxico de Ourense, trata con sistemas de radiofrecuencia e microondas para sinais de televisión analóxica ou dixital e sinais de radio dixital. Arteixo Telecom diseña e fabrica equipos de telecomunicación. En unión coa compañía Level Telecom de Santiago de Compostela, desenvolveu un sistema intelixente de monitorización de alertas persoais. Denodo traballa no campo dos servizos informáticos empresariais. TLR Soft creou unha plataforma de comercio electrónico que lles dá servizo a preto de 5.000 empresas que poden intercambiar documentos en todo o mundo. TLR ten xa relacións empresariais con EE.UU., India, China, Arxentina e Ucraína. Softgal traballa no desenvolvemento de tecnoloxías da comunicación. No mesmo sector nacen outras empresas, entre as que podemos citar Zenit Tv e Interacción.

Blusens fabrica reprodutores MP3, DVD, pantallas de TV ou navegadores G.01 Pictometry. Conta coas filiais Blusens China –en Censen– e Blusens Midle East –en Dubai–. Co reprodutor MP3 compite nun mercado no que están grandes multinacionais. Resulta exemplar que unha empresa emerxente e aínda de dimensión reducida atenda mercados mundiais desde Santiago.

A industria cultural –edición, produción audiovisual, internet, musicais, de deseño ou da arte– pode supoñer xa o 2% do PIB galego. Fundamentada na lingua galega e debéndolle a ela o seu primeiro desenvolvemento, ten por diante un futuro de expansión interior e exterior, podendo superar o seu peso no sector estatal, en especial mediante a conxunción co espazo e coa industria cultural dos países de lingua galego-portuguesa.

Con Editorial Galaxia, Edicións Xerais, Edicións do Castro, A Nosa Terra ou Sotelo Blanco Edicións, a industria editorial viu aparecer nos anos noventa catorce novas empresas, experimentando un importante crecemento. Ediciones Informatizadas (Einsa), dedicada á edición de guías telefónicas, de grandes catálogos e doutros produtos dese carácter, destina á exportación unha parte significativa da súa produción.

En coincidencia co auxe da industria galega, está a producirse un apreciable crecemento dos centros de I+D+i. Impulsada polo Centro de Supercomputación de Galiza, a Plataforma Tecnolóxica Galega TIC agrupa cincuenta centros de investigación e tecnolóxicos, asociacións e empresas, tendo como obxectivo o desenvolvemento dos proxectos das empresas do campo das tecnoloxías da información e da comunicación.

Con semellante significado, comezan a aparecer ou a madurar actividades impulsadas nas escolas técnicas e nas facultades universitarias. A Universidade de

Vigo promove unha cidade tecnolóxica. Constituíuse en Vigo a Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galiza (Gradiant) na que participan as Universidades da Coruña, de Santiago e de Vigo, así como empresas galegas do sector. Non se pode pasar por alto a decisión de crear un instituto de investigación galaico-portugués dedicado á nanotecnoloxía e ás tecnoloxías da información e da comunicación. Ten un carácter sobranceiro o Instituto de Medicina Legal de Santiago, que traballa con recoñecemento mundial no campo da xenética molecular.

Determinados resultados dunha política voluntarista de desenvolvemento industrial poden atoparse no Parque Tecnolóxico de Galiza en Ourense, onde se instalan pequenas empresas innovadoras de moi diversos campos.

En fin, a industria galega, unha gran descoñecida para os poderes políticos e mediáticos do Estado español, dispón da base necesaria para un desenvolvemento que coloque a Galiza entre os países economicamente mellor situados de Europa. Dotada dun gran potencial expansivo, aínda ten pendente o campo dos ciclos produtivos derivados das grandes empresas públicas privatizadas. Precisa, ademais, dun plan destinado á diversificación en novos sectores e empresas, tanto en sectores emerxentes (como as telecomunicacións, a electrónica, a informática, a enerxía, a biotecnoloxía, as actividades de lecer, etc.) como en actividades industriais que atenden amplas necesidades de consumo e que dispoñen de capacidade exportadora, constituíndo cuantitativamente unha parte fundamental da estrutura do sector secundario dos países máis desenvolvidos (produtos alimenticios diversos, produtos químicos de consumo, artigos de papel, artes gráficas, bens para as actividades educativas, enxoval ou conxunto de obxectos domésticos, xogos infantís, material de deporte...).

## 2. A MUDANZA DA ESTRUTURA SOCIAL

A pesar de todas as dificultades, e aínda sen poder evitar os graves efectos demográficos dunha política allea, a sociedade galega fixo un esforzo extraordinario que afectou a toda a economía. A renda creceu notabelmente, mais resta aínda un longo camiño por percorrer para atinxir a media por habitante da UE. Galiza aínda non chegou ao 90% da renda media da Unión, entanto que Irlanda, que contaba no ano 1988 cunha renda *per cápita* –64% da media da CE– non moi diferente da galega, pasou a ser o Estado de maior renda relativa, situándose no ano 2006 no 144% e sendo só superado por Luxemburgo.

A transcendencia do cambio que tivo lugar entre os anos 1986 e 2006 fica evidenciada ao considerar a ocupación nos sectores económicos básicos. No primeiro ano, a sociedade galega tiña un carácter preponderantemente rural, con 431.900 ocupados na agricultura e na pesca, que representaban un 41% dos 1.042.000 da ocupación total. Vinte anos despois eran 121.000, non pasando do 10,7% (8,1% os estrictamente agrarios) dun conxunto de 1.130.000.

A industria pasou de 159.000 ocupados (15,3%) no ano 1986 a 217.000 (19,2%) no ano 2005, unha porcentaxe que se situaba por riba do 18,9% estatal. A construción medrara desde os 69.600 (6,75%) até os 125.000 ocupados (12,0%) e o complexo sector de servizos pasara dos 379.000 (36,4%) aos 666.000 (59,0%).

Se en apenas dúas décadas o sector primario perdera 311.000 empregos, os demais sectores incorporaran 400.200.

O desenvolvemento da industria, da construción e dos servizos creou condicións económicas favorábeis para un franco incremento demográfico, mais o seu efecto non foi suficiente para compensar as perdas habidas na agricultura. A Galiza non lle foi permitido que unha transformación tan abrupta, producida en coincidencia con novos comportamentos da natalidade, ocorrese de xeito máis demorado, tal e como era posíbel e como sucedeu nos países industrializados de Europa.

En consecuencia, se antes da entrada na CE e a pesar da emigración a Europa a poboación tivera un certo crecemento –pasando desde os 2.596.803 habitantes do ano 1960 aos 2.844.472 do ano 1986, que aínda continuou até os 2.914.514 do ano 1990–, logo da brutal diminución dos ocupados na agricultura nos anos noventa, no ano 2000 a poboación descendera até as 2.731.900 persoas. Tería que chegar o século XXI para observarse un lento crecemento, situándose no ano 2005 nos 2.762.198 habitantes. Por moito que o saldo tomara un rumbo favorábel, no ano 2007 permanecía unha grave tendencia emigratoria, afectando en particular a profesionais universitarios ou especializados.

Neste contexto, o desemprego diminuíu até o punto de situarse nun nivel similar ás medias comunitaria e estatal. Con datos de mediados do ano 2007 descendera até o 7,57%, situándose nun nivel máis baixo que a media estatal –7,95%– e apenas medio punto superior á media da UE dos 27, que chegaba ao 7%. Aínda no medio da crise revelada no ano 2008, o desemprego galego tivo un comportamento máis favorábel que o do conxunto do Estado.

Se no período 1986-2006 a renda *per cápita* galega medrou substancialmente, fíxoo á un menor ritmo que a estatal. A finais do ano 1985 estaba no 57,2% da media da CE, no ano 2002 aínda estaba no 66,5% con respecto á Unión de 15 Estados e no 73% en relación coa Unión de 25 Estados. Considerando as mesmas referencias, a media estatal pasara do 72,5% ao 84,2%, cifra esta que se converteu en 92,4% como consecuencia estatística da extensión aos Estados do Leste. No ano 2006 a renda por habitante galega estaba no 82,8% da media da UE.

A explicación da baixa renda relativa por habitante de Galiza non se encontraba principalmente nas estruturas produtivas senón en factores que proviñan das dolorosas transformacións sufridas. Logo de dispor dunha alta taxa de actividade por cousa do traballo da muller na agricultura, a brutal transformación do sector deixou a taxa de actividade global no 54,38%, unha cifra menor que media estatal (58,86%). Os salarios medios estaban en 1.362,99 euros por mes, fronte a 1.604,69 no Estado e a 1.994,53 de Madrid. As remuneracións por desemprego (859,1 euros por mes) ficaban tamén afastadas da media estatal (1.023,6). Por outra parte, as

pensións de xubilación eran claramente inferiores á media española, chegando a ser un 33% menores que as da Comunidade Autónoma de Madrid. Cómpre reparar en que entre os centos de miles de persoas activas que deixaron a agricultura, unha esmagadora maioría pertencía á categoría de traballadores autónomos, que pasaran á xubilación con moi exiguas pagas de retiro.

Non ocorrera todo por acaso.